

ROMANTICISMO:


- Ópera
- Tendencias
- Evolución da ópera como espectáculo.
- Verismo

A ópera é un xénero moi importante no século XIX. Todos os compositores do Romanticismo van intentar triunfar na ópera. En Italia aparecen os primeiros editores musicais.

Entre a ópera do século XVIII e XIX temos diferenzas:

ÓPERA DO SÉCULO XVIII

- O compositor non se implica nas obras que escribe.
- O compositor diríxese ao intelecto do oínte.
- Usan moito a repetición



ÓPERA DO SÉCULO XIX

- A música é o medio de expresión do músico.
- A ópera libérase, o compositor é libre.
- Buscan un texto que implique ao compositor co oínte.
- Abandónase a repetición, xa non ten sentido repetir a música; cada texto require unha música propia.
- Os artistas interáctuan entre eles.
- A natureza tamén é un personaxe.
- Temos equilibrio entre a voz e a orquestra, a orquestra xa non é secundaria.



ROSSINI

Características:

- Substitúe a voz dos castrati polos contralto.
- A súa carreira estaba ligada ao bel canto.
- Quería controlar todos os recursos vocais.
- En Otello desaparece o recitativo secco e aparece o recitativo acompañado.
- Crescendo rossiniano: a repetición cada vez faise máis forte.
- A orquestra está sempre subordinada ao solista.
- Algunhas das súas óperas son : Tancredi, Otello, Semiramide...



VERDI

É a figura máis importante da ópera italiana. Algunhas características:

- O coro dos hebreos de Nabucco considerase unha opresión do poder estranxeiro.
- Nas obras de Rigoletto e Traviata teñen unha gran concentración dramática.
- A Traviata, tiña unha temática contemporánea na que se expoñían os costumes dos nobres franceses da época. Profundiza no drama psicolóxico da muller.
- Unha das grandezas de Verdi é que evolucionou a súa linguaxe operística ata o final da súa vida.



Os dous grandes compositores operísticos do século XIX son: Verdi e Wagner. As súas diferenzas son:


- Verdi enfatizaba a música, Wagner o drama.
- Verdi apóiase na melodía, Wagner no drama.
- Wagner é moi “intelectual” no seu traballo, mentres que Verdi busca o punto de vista do espectador, a quen involucra na ópera.

Wagner

O drama musical wagneriano é:


- A obra dun artista
- Combinación de varias artes.
Como a música é a maior arte, o artista sobre todo será compositor.
- O drama debe ser continuo.
- O drama musical está formado por temas ou motivos, o máis importante é o LEITMOTIV, que une a música co drama.

Wagner ten unha gran influencia de Beethoven e a 9ª Sinfonía.



Wagner empeza a usar o leitmotiv nas súas obras, e coloca todo o peso dramático na orquestra. Escribía os seus propios libretos, tiñan temática mitolóxica.

Algunhas das súas obras son: O holandés errante, Lohengrin, Parsifal, Tristane Isolda...



Verismo

O naturalismo e a herdanza de Verdi dan paso ao verismo na ópera. O verismo intenta retratar os elementos dramáticos e tráxicos da vida cotiá. Características:

- Terminar os números principais cunha nota aguda e forte.
- Canto silábico e tesitura limitada.
- Potencia no rexistro central da voz.
- Represéntanse escenas teatrais dentro do teatro musical.
- Oponse o virtuosismo vocal do bel canto.
- Emprego de notas arrastradas.

Puccini

É o máximo representante da ópera a finais de século. Usa a temática e técnica de Wagner para enriquecer as súas melodías.

O seu estilo é unha prolongación de Verdi ata *Madame Butterfly*, a partir deste momento incorpora o impresionismo. Nas súas últimas obras ten unha gran riqueza harmónica.

Tosca é unha dos mellores exemplos de bel canto, pero as súas arias son moi breves.

